



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Sección de bolsas  
Pavillón de Estudantes  
Campus de Elviña  
15071 A CORUÑA  
Correo electrónico: [bolsas@udc.es](mailto:bolsas@udc.es)

## CONVOCATORIA DE PRAZAS PARA ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NOS ALOXAMENTOS UNIVERSITARIOS CONCERTADOS CURSO 2011-2012

A Universidade da Coruña convoca axudas de aloxamento en residencias concertadas para o curso académico 2011-2012, conforme as seguintes bases:

### BASES

#### 1ª.- SOLICITANTES:

Poderán solicitar praza de aloxamento nas residencias concertadas coa Universidade da Coruña (Residencia Rialta no Campus da Coruña e Porta Nova I e II no Campus de Ferrol) o estudantado que cumpra os requisitos esixidos nesta convocatoria (Anexo I) e que vaia desenvolver as súas actividades académicas na Universidade da Coruña durante o período lectivo do curso académico 2011-2012.

#### 2ª.-PRAZAS CONVOCADAS

As prazas que se ofertan nesta convocatoria (número e tipo) son as que se relacionan no Anexo II.

#### 3ª.- SOLICITUDE. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

Os impresos de solicitude de prazas poderán baixarse da web no enderezo páxina [http://www.udc.es/export/sites/udc/\\_galeria\\_down/admision\\_bolsas/axudas/bolsas/2011/06/Solicitud\\_aloxamentos.doc](http://www.udc.es/export/sites/udc/_galeria_down/admision_bolsas/axudas/bolsas/2011/06/Solicitud_aloxamentos.doc) ou ben poden recollerse na sección de bolsas da Universidade da Coruña (Pavillón de estudantes- Campus de Elviña. A Coruña) no SAPE do Campus de Ferrol (Rúa Dr. Vázquez Cabrera, s/n –Esteiro-Ferrol); ou no SAPE do Campus da Coruña situado na Casa do Francés no Campus da Zapateira.

Presentarase unha única solicitude por persoa.

As solicitudes, xunto coa documentación acreditativa das condicións requiridas que se especifican no Anexo III presentaranse na Sección de Bolsas – Pavillón de Estudantes-Campus de Elviña (A Coruña) ou no SAPE do Campus de Ferrol (Rúa Dr. Vázquez Cabrera, s/n Esteiro-Ferrol).

O prazo de presentación comeza o día **20 de xuño e remata as 14 horas do día 22 de xullo de 2011.**

Os baremos que rexeran na avaliación das solicitudes figuran no Anexo IV. As persoas solicitantes que presenten algunha discapacidade que afecte a súa mobilidade, poderán obter unha puntuación adicional de entre **0 e 4.**

#### 4ª.- EXCLUSIÓNS

Non serán admitidas as persoas solicitantes que non cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria e ademais:

a) as persoas a quen, no curso 2010-2011 se lle comprobaren discrepancias relevantes entre os datos académicos e/ou económicos que se declaran e os que constan nos arquivos da universidade e se así for perderán o seu dereito á praza subvencionada nos aloxamentos universitarios concertados

b) As persoas que, o día 22 de xullo de 2011, mantivesen cantidades pendentes de pago en concepto de dereitos de aloxamento do curso 2010-2011.

c) Como regra xeral, quen tiver o domicilio familiar no termo municipal da Coruña (para solicitar praza na residencia Rialta) ou Ferrol (para solicitar praza na residencias Porta Nova I e II).

#### **5ª.- TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES. ACEPTACIÓN DA FIANZA.**

Unha vez que remate o proceso de avaliación de solicitudes publicarase a relación provisional de admitidos, onde se explicará a puntuación acadada, así como a relación de solicitudes excluídas, xunto coa causa que implica a súa exclusión. As persoas interesadas disporán dun prazo de SETE DÍAS HÁBILES para achegaren a documentación que permita emendar os erros que se apreciaren. Posteriormente publicaranse as relacións definitivas de admitidos nas residencias, a lista de agarda e os excluídos.

Todas as listaxes publicaranse na páxina

[http://www.udc.es/admision\\_bolsas/axudas/bolsasUDC/2011/06/aloxamentos.html](http://www.udc.es/admision_bolsas/axudas/bolsasUDC/2011/06/aloxamentos.html) e

nos taboleiros de anuncios da Sección de bolsas e do SAPE ( Ferrol).

O estudantado que obteña praza subvencionada nas residencias concertadas disporá dun prazo de sete días hábiles para presentaren na Sección de bolsas desta universidade o xustificante do ingreso de 360 euros en concepto de fianza. No caso de serlle concedida praza na Residencia Rialta (A Coruña) este ingreso farase na conta do Banco Popular 0075-0354-94-0600710753 da Coruña á Fundación Maria José Jove (Residencia Rialta- Rúa de Laxe, 122- 15174- Rutis-Culleredo). No caso de serlle concedida praza nas residencias Porta Nova I e II (Ferrol) o ingreso farase na Caixa Galicia núm. conta 2091-0226-20-3040022672.

A entrega do xustificante servirá como confirmación da aceptación da praza por parte da persoa solicitante. O solicitante deberá, así mesmo asinar un documento en que acepte as condicións xerais que rexen o aloxamento na residencia. Se non cumprise algún destes trámites entenderase que renuncia á praza que se lle concedeu e procederase a cubrila pola seguinte persoa na lista de agarda.

A fianza devolverase ao final do curso, agás naqueles casos en que o residente deteriore as instalacións ou a moblaxe do centro, tiver pendentes débedas ou abandone a residencia por decisión propia antes de rematar o curso.

A asignación dos cuartos aos residentes efectuarase na residencia.

O estudantado que fose admitido cederá o importe das axudas ás empresas propietarias das residencias co fin de que estas poidan percibilo. Deste xeito cúmprense os convenios que asinaron a Universidade da Coruña e estas empresas. O importe da axuda será ingresado pola universidade unha vez ao mes á residencia na que o beneficiario resida.

O financiamento destas axudas faise con cargo á partida orzamentaria 9870.422D.47000-Transferencias correntes a empresas privadas e con cargo ao orzamento para o ano 2011 polo importe máximo de 105.645,40 euros para os meses de setembro (dende o día 12), outubro, novembro e decembro) e con cargo aos orzamentos de 2012 por un importe máximo de 174.354,00 euros para os meses de xaneiro a xuño de 2012 e ata o 15 de xullo para titulacións adaptadas ao EEES.

#### **6º.- PERDA DO DEREITO A PRAZA**

Ademais dos motivos que se recollen no Regulamento de residencias e noutros apartados desta convocatoria, serán motivos de perda do dereito á praza que se conceda os seguintes:

- Atraso no pagamento das cotas de residencia en máis de dous meses nos aloxamentos concertados.
- feito de realizar calquera tipo de cesión a outra persoa da praza que se concedeu.

Rematado o proceso de adjudicación de axudas a Universidade da Coruña verificará na AEAT (Axencia Tributaria) a exactitude dos datos económicos achegados polos solicitantes e procederá a revogación da axuda no caso de haber discrepancias cos datos declarados.

#### **7º.- PREZOS E PRAZAS QUE SE SUBVENCIONAN**

As prazas que se subvencionan (175 na Coruña e 16 en Ferrol) e os prezos que ten que aboar o alumnado son os establecidos no Anexo II.

#### **8º. AUTORIZACIÓN PARA OBTEN DATOS DA AXENCIA TRIBUTARIA**

A presentación da solicitude de praza de aloxamento concertado implicará a autorización á Universidade da Coruña para obter e verificar a través das correspondentes administracións

tributarias os datos precisos para determinar a renda familiar dos membros computables da familia do/da solicitante, así como aquelas outras situacións acreditativas das situacións persoais alegadas e que estean en poder dalgunha administración pública, a efectos de obter praza de aloxamento concertado na UDC. Para iso é imprescindible que as solicitudes sexan asinadas por todos os membros computables da familia.

A Coruña, 10 de xuño de 2011  
O reitor

José María Barja Pérez

## ANEXO I

### REQUISITOS PARA SOLICITAR A ADMISIÓN

Como regra xeral, os solicitantes da praza de aloxamento na residencia Rialta deberán ter o seu domicilio familiar fóra do termo municipal da Coruña; no caso dos solicitantes de praza de aloxamento nas residencias Porta Nova, o domicilio familiar deberá estar fóra do termo municipal de Ferrol.

Quedarán excluídos desta convocatoria aquelas persoas que no período impositivo de 2010 superasen os límites patrimoniais establecidos no Real Decreto 708/2011 de 20 de maio polo que se establecen os límites de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación para o curso 2011-2012 (BOE de 21 de maio de 2011).

A esta convocatoria seralle de aplicación o Real Decreto 1721/2007, de 21 de decembro polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas (BOE do 17 de xaneiro de 2008) así como o Real Decreto 708/2011 de 20 de maio polo que se establecen os límites de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación para o curso 2011-2012.

### REQUISITOS PARA PERSOAS SOLICITANTES DE NOVA ADMISIÓN, DE PRIMEIRO E SEGUNDO CICLO, GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO OFICIAL

Estes solicitantes deben cumprir os seguintes requisitos:

Matricularse na Universidade da Coruña no curso 2011-2012 en centros do Campus no que pidan a praza, nalgún dos planos de estudo vixentes en primeiro ou segundo ciclo, nun grao ou ben nun mestrado universitario oficial. O estudantado que estea realizando o proxecto fin de carreira deberá matricularse no mesmo ao longo do curso 2011-2012.

O estudantado que acceda por primeira vez a estudos universitarios mediante as PAAU ou sen PAAU deberá ter unha nota igual ou superior a 5 ou ben un 5 de nota media no curso que lles dea acceso á universidade de acordo co establecido no apartado a) do Anexo IV da presente convocatoria.

O resto do estudantado (primeiro e segundo ciclo, grao e mestrado universitario oficial) deberán ter como mínimo a media seguinte:

- En estudos de ensino técnico: 3,5
- Nos restantes estudos universitarios e superiores: 4

En todos os casos a puntuación académica será en base 10 e estará referida sempre ata a convocatoria de xuño de 2011.

Para o cálculo da nota media en base 10 se aplicarán as seguintes regras:

1.- As cualificacións computaranse de acordo co seguinte baremo:

- a) Mención de matrícula de honra (Sobresaliente e Mención) = 10 puntos
- b) Sobresaliente (entre 9 e 10 puntos) = 9 puntos
- c) Notable (entre 7 e 8,9 puntos) = 7,5
- d) Aprobado ou apto (entre 5 e 6,9 puntos) = 5,5
- e) Suspenso, Non presentado, renuncia, anula convocatoria = 2,5 puntos

2. Cando se trate de planos de estudo organizados en materias, a nota media calcularase dividindo o total dos puntos obtidos entre o número total de materias.

3. Cando se trate de planos de estudo organizados en créditos, a puntuación que resulta de aplicar o baremo anterior a cada materia ponderarase en función do número de créditos que a integren de acordo coa seguinte fórmula:

$$V = \frac{P \times NC_a}{NC_t}$$

V= valor resultante da ponderación da nota media obtida en cada materia

P= puntuación de cada materia segundo o baremo do apartado anterior

NCa= número de créditos que integran a materia

NCt= número de créditos cursados e que teñen a consideración de computables nesta convocatoria.

Os valores resultantes da aplicación da citada fórmula sumaranse, sendo o resultado a nota media final.

No caso de non estaren matriculados no curso 2010-2011, os requisitos académicos esixiránselles respecto ao último curso realizado.

## **REQUISITOS PARA PERSOAS SOLICITANTES DE DOUTORAMENTO**

Poderán ser admitidos a trámite como estudantes de doutoramento, para os efectos desta convocatoria:

- O estudantado que teña superado todas as materias da súa titulación na convocatoria de xuño de 2011 ou anteriores e vaian solicitar a súa admisión nalgún programa de doutoramento da Universidade da Coruña no curso 2011-2012. A concesión da subvención estará condicionada á matrícula definitiva dos solicitantes nos estudos de doutoramento, e perderán de forma automática o dereito á praza no caso de non seren aceptados nos citados estudos.
- O estudantado que estea no segundo ano da fase de elaboración de tese de doutoramento deberá presentar xustificantes de matrícula dos cursos 2010-2011 e 2011-2012, así como o informe de rendemento do director da tese de doutoramento.

## **REQUISITOS PARA A RENOVACIÓN DAS PRAZAS DE ALOXAMENTO**

A renovación será automática nos seguintes casos:

- Se as persoas solicitantes cumpren os requisitos académicos recollidos na Anexo I desta convocatoria.
- Se non existe informe negativo da residencia.
- Si se manteñen condicións económicas similares as que permitiron a obtención da praza no curso anterior.

No caso de resultaren prazas vacantes poderán ser concedidas ás persoas solicitantes que non cumpran coa nota media esixida. Concederanse en primeiro lugar a residentes no curso anterior empezando polos de nota media máis alta e a continuación aos solicitantes de nova admisión empezando polos de renda dispoñible máis baixa.

## ANEXO II

### **RESIDENCIAS CONCERTADAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA: PREZOS E NÚMERO DE PRAZAS CAMPUS DA CORUÑA**

#### **Residencia Rialta (aloxamento universitario concertado)**

Rúa de Laxe, 122 – 15174 Rutis-Culleredo

Correo electrónico; [rialta@rialta.net](mailto:rialta@rialta.net)

Teléfono: 981 179 500

Fax: 981 170 002

Esta residencia ten: 492 prazas

131 en cuartos individuais (sen subvención)

181 en cuartos dobres (175 subvencionadas)

#### **CAMPUS DE FERROL**

#### **Residencia Porta Nova I (aloxamento universitario concertado)**

Rúa Fontemoura, 26 . 15400 Ferrol

Teléfono 981 370 648/ 629 888 008

Fax: 981 359772

12 prazas

Cuartos individuais: 4 (sen subvencionar)

Cuartos dobres. 4 (2 prazas subvencionadas)

#### **Residencia Portanova II (aloxamento universitario concertado)**

Rúa Naturalista López Seoane, 33. 15400 Ferrol

Teléfono: 981 359 772 / 629 888 008

Fax: 981 359772

37 prazas

Cuartos individuais: 3 (sen subvencionar)

Cuartos dobres: 17 (14 prazas subvencionadas)

Mixta

#### **RESIDENCIA RIALTA :**

As prazas serán subvencionadas en función da puntuación total conforme aos criterios académicos e económicos da persoa solicitante de acordo coas bases da presente convocatoria, e se establecen os seguintes tramos:

Prezos por praza (euros/ mes) que paga o estudiantado

<b>NUMERO DE PRAZAS</b>	<b>TRAMOS</b>	<b>CUARTO DOBRE</b>
25	A	68,45 euros/mes
70	B	115,45 euros/mes
50	C	164,45 euros/mes
30	D	212,45 euros mes

Os prezos das prazas desta residencia non inclúen os consumos individuais de calefacción, electricidade e teléfono, polo que se instalarán contadores individuais e recibos mensuais destes servizos.

#### **RESIDENCIA PORTA NOVA I E II**

As prazas serán subvencionadas en función da puntuación total conforme aos criterios académicos e económicos da persoa solicitante de acordo coas bases da presente convocatoria, e se establecen os seguintes tramos:

Prezos por praza (euros/ mes) que paga o estudiantado

<b>NUMERO DE PRAZAS</b>	<b>TRAMOS</b>	<b>CUARTO DOBRE</b>
3	A	68,45 euros/mes
8	B	115,45 euros/mes
3	C	164,45 euros/mes
2	D	212,45 euros mes

Os prezos das prazas desta residencia non inclúen os consumos individuais de calefacción, electricidade e teléfono, polo que se instalarán contadores individuais e recibos mensuais destes servizos.

## **ANEXO III**

### **DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR COAS SOLICITUDES**

#### **I.- DOCUMENTACIÓN XERAL**

- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da familia maiores de 14 anos. No caso de seren menores de 14 anos copia do libro de familia.
- Certificado de convivencia do Concello no que figuren todos os membros que vivan no domicilio familiar, incluído o/a solicitante.
- As persoas con discapacidade que afecta a mobilidade: certificado de cualificación da minusvalía e certificado médico oficial (no que se detalle a caracterización, a situación actual e a evolución da discapacidade, así como as consecuencias cara a vida cotiá)

#### **II.- DOCUMENTACIÓN ACADÉMICA**

- O estudantado que se incorpore por primeira vez á Universidade da Coruña deberá achegar o documento acreditativo da cualificación final obtida nas PAAU (copia tarxeta selectividade).
- O estudantado que proceda de COU, F.P, Bacharelato deberá achegar certificación académica persoal dos estudos que lle dan acceso a universidade.
- O estudantado de primeiro e segundo ciclo, grao ou mestrado universitario oficial que no curso 2010-2011 estivese matriculado nunha universidade distinta a UDC deberá presentar unha certificación persoal dos estudos realizados.
- O estudantado de terceiro ciclo que acceda por primeira vez a un programa de doutoramento, deberá presentar unha certificación académica das cualificacións obtidas ao longo de todos os cursos da súa carreira no caso de que non realizara a carreira na Universidade da Coruña. No caso de estar realizando os cursos de doutoramento, deberá presentar un xustificante de estar matriculado neses cursos e unha certificación das cualificacións obtidas nos xa realizados no caso de non ser alumna/o da UDC .

#### **III.- DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA**

- Copia completa da declaración da renda das persoas físicas referida ao exercicio 2010 dos membros que constitúan a unidade familiar á que pertence a persoa solicitante xunto coa folla de liquidación do ingreso selado pola entidade bancaria ou delegación de Facenda de que foi presentada ou ben a constatación de tela presentada por internet.
- Copia dos recibos da contribución urbana (catastro) do exercicio 2010, excluída a vivenda habitual.
- No caso de non ter a obriga de presentar a declaración da renda, deberá achegar segundo sexa o caso, a seguinte documentación:
  - Certificado de imputación de renda expedido por Facenda correspondente ao exercicio 2010 ou certificado expedido pola Seguridade Social dos períodos de cotización e certificados de haberes e retencións, certificado de prestación e subsidios de desemprego, documento da/s entidade/s bancarias no que consten os rendementos de capital mobiliario e ganancias e perdas patrimoniais percibidas durante o ano 2010.
  - No caso de seren pensionistas copia do xustificante anual da pensión ou pensións.

De selo caso deberase achegar tamén:

- Copia da sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador
- Xustificación de viuvez, soltaría, separación ou divorcio do pai/nai do/a solicitante.
- Xustificante de orfandade absoluta do/da solicitante.
- Copia da acta de constitución de sociedades e do imposto de sociedades así como o resumo anual dos impostos sobre o valor engadido (IVE).

Se o/a solicitante alega a súa independencia familiar ou económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar documentalmente esta circunstancia, os medios económicos cos que conta e a titularidade ou aluguer do seu domicilio. Para determinar os medios económicos utilizarase o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), que anualmente aproba o Goberno. E non xustificalo suficientemente denegaráselle a praza.

Rematado o proceso de adxudicación de axudas a Universidade da Coruña verificará na Axencia Tributaria (AEAT) a exactitude dos datos económicos achegados pola persoa

solicitante e procederáase a revogación da axuda no caso de haber discrepancias cos datos declarados.

#### **ANEXO IV**

#### **BAREMOS PARA A AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES DE PRAZA.**

A puntuación total será a suma das puntuacións académica e económica obtida consonte aos seguintes criterios:

##### **A) Puntuación académica**

Para estudantes que inician estudos universitarios a puntuación académica será a nota final obtida nos probas de acceso á universidade. No caso de que se acceda á Universidade sen PAAU a puntuación académica será a media do expediente dos estudos que lle dan acceso á universidade calculada de acordo co seguinte baremo en base 10:

Matrícula de honra : 10 puntos

Sobresaliente: 9 puntos

Notable : 7,5 puntos

Aprobado: 5,5 puntos

Suspense, renuncia ou non presentado: 2,5 puntos

Para o resto do estudantado de primeiro e segundo ciclo, grado e mestrado universitario oficial a puntuación académica será a nota media calculada consonte ao especificado no Anexo I desta convocatoria.

Para o estudantado de terceiro ciclo a puntuación académica virá dada pola nota media obtida nos seus estudos de primeiro e segundo ciclo conforme ao establecido no parágrafo anterior.

##### **B) Puntuación económica**

A puntuación económica outorgarase en función da Renda Persoal Dispoñible definida como a Renda familiar da persoa solicitante, calculada segundo establece a Convocatoria do Ministerio de Educación de bolsas de carácter xeral e de mobilidade para o curso 2011-2012 (R.D. 708/2011, de 20 de maio, publicado no BOE do 21 de maio de 2011), dividida polo número de membros da unidade familiar.

A equivalencia será a seguinte:

<b>RENDA PERSOAL DISPOÑIBLE (RPD)</b>	<b>PUNTOS</b>
Por debaixo de 3.771 euros	4
Entre 3.771,00 e 4.822,66 euros	3,6
Entre 4.822,67 e 5.874,33 euros	3,2
Entre 5.874,34 e 6.926,00 euros	2,8
Entre 6.926,01 e 7.977,67 euros	2,4
Entre 7.977,68 e 9.029,34 euros	2
Entre 9.029,35 e 10.081,01 euros	1,6
Entre 10.081,02 e 11.132,68 euros	1,2
Entre 11.132,69 e 12.184,35 euros	0,8
Entre 12.184,36 e 13.236,00 euros	0,4
Superior a 13.236,00 euros	0

##### **C) Puntuación por discapacidade**

A Vicerreitoría de Estudantes e Relación Internacionais poderá conceder unha puntuación adicional de entre 0 e 4 puntos ás persoas solicitantes de acordo co seu grao de discapacidade e as súas implicacións para a mobilidade e o desenvolvemento das actividades cotiás. Esta puntuación sumarase á obtida de acordo co seguinte baremo:

Grao de discapacidade 33%: 1 punto

Grao de discapacidade entre o 34% e o 50%: 2 puntos

Grao de discapacidade entre o 51% e o 75%: 3 puntos

Grao de discapacidade superior ao 75%: 4 puntos

A Coruña, 10 de xuño de 2011